PLEA (Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información) de centro.

2026-2027

Colexio Calasanz-PP. Escolapios

ELABORADO POR: Equipo PLEA	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Data: Xaneiro a maio 2026	Data: Xuño 2026	Data: Xuño 2026

Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como amosalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.

ÍNDICE

1- PLEA: INTRODUCIÓN.	
2- ANÁLISE DO CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN.	
3- OBXECTIVOS.	
3.1.- Obxectivos Xerais .	
3.2.- Obxectivos específicos .	
3.2.1.- Obxectivos de lectura.	
3.2.2.- Obxectivos de escritura.	
3.2.3.- Obxectivos de acceso á información.	
3.2.4.- Obxectivos transversais.	
3.3.- Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso de difusión.	
ANEXO I	

1- PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN: INTRODUCIÓN.

O centro educativo privado concertado Colexio Calasanz – PP. Escolapios está ubicado na cidade da Coruña, Estrada dos Fortes nº 10, no ángulo N-NO da cidade, na zona de San Pedro de Visma, colindante co barrio de Los Rosales. Está inscrito no regulamento de centros da Administración co número 15004010.

O centro acóllese ao réxime de concertos, regulamentado no título IV da Lei Orgánica do Dereito á Educación, no Regulamento de Normas Básicas sobre centros concertados educativos, aprobados polo Real Decreto 2377/1985 de decembro e nas normas que o desenvolven. Tamén observa, no seu caso, a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Caracterízase por presentar no mesmo espazo físico as tres etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria (ESO e Bacharelato). É dicir, o seu alumnado pode realizar todo o traxecto educativo non universitario no mesmo centro.

Está situado nun ámbito urbano, o que lle outorga ao alumnado un perfil uniforme, que se ve reforzado tamén pola súa procedencia social, cun gran predominio de familias de clase media e media-alta.

Con este Plan de Lectura, de Escritura e Acceso á información (en adiante PLEA) preténdese dar resposta ás necesidades específicas en relación á lectura, escritura e acceso á información que atopamos no centro. Traballamos coa idea de fomentar nos alumnos o gusto pola lectura achegándolles os libros dunha forma lúdica que os motive e condicione favorablemente á aventura de ler, a expresar as súas ideas e acrecentar a súa imaxinación. Tamén pretendemos consolidar a escritura e a afección por escribir como un ben para comunicarse cos demais, para expresar sentimentos e medrar persoalmente. Buscamos formar ao alumnado nos recursos para o consumo e a produción de información a través dos medios de comunicación, con valores éticos e sentido crítico.

No noso centro véñense realizando actividades encamiñadas a dinamizar a lectura e a favorecer a competencia lectora, co fin de desenvolver as habilidades e os hábitos asociados ás mesmas. O profesorado asumiu a responsabilidade neste ámbito con propostas didácticas nas distintas materias. Este proxecto pretende articular as actuacións de todo o profesorado destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Nas actividades que integran o PLEA traballaranse e integraranse as competencias propias do currículo das etapas:

- Competencia en comunicación lingüística: esta competencia refírese á capacidade de interactuar e expresarse de xeito claro e adecuado, falando, escribindo, usando signos ou medios multimedia, en distintos lugares ou

situacións con diversos obxectivos de coñecemento.

- Competencia plurilingüe: é a capacidade de poder empregar distintas linguas para comunicarse.
- Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: é a capacidade do alumnado para utilizar e aplicar conceptos matemáticos en diferentes situacións.
- Competencia dixital: entendida como a habilidade para utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito efectivo e crítico.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: céntrase en potenciar o crecemento integral do alumnado, promovendo a súa capacidade para aprender de forma autodidacta e traballar en equipo.
- Competencia cidadá: refírese á capacidade do alumnado para participar de xeito activo e responsable na sociedade.
- Competencia emprendedora: focalízase no potencial do alumnado para detectar oportunidades, tomar riscos e materializar proxectos innovadores.
- Competencia en conciencia e expresións culturais: é a destreza dos alumnos para comprender, apreciar e respectar diversas culturas, ao mesmo tempo que expresan a súa identidade cultural de forma creativa.

2.- ANÁLISE DO CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN.

Elaboráronse enquisas para enviar ás familias do noso alumnado, aos alumnos a partir de 5º de Primaria (xa que todos contan con ordenador individual) e aos mestres do centro. Estas enquisas fixéronse seleccionando as preguntas que consideramos máis significativas e que aportaban datos sobre a situación da lectura, da escritura e do acceso á información no noso centro que nos proporcionaron os asesores desde a plataforma virtual apoio PLEA.

Estas enquisas foron enviadas en formato FORMS a través da plataforma Educamos do noso colexio e desde a conta que a Biblioteca-Plan Lector ten asignada. Para que todos os alumnos tiveran a posibilidade de responder ás enquisas, estas leváronse a cabo durante o horario escolar, pero sempre facéndoo de xeito voluntario. Os resultados de todas as enquisas pódense ver no anexo 1.

Unha vez rematado o prazo dado para a recollida da información das enquisas, queremos reflectir a porcentaxe de participación en cada unha delas. No caso das familias, os resultados non son significativos xa que só responderon 59 familias das 778 que podían facelo. En canto ás respostas dos alumnos, pódense considerar fiables pola alta participación, xa que contestaron 354 alumnos de 540. Por último, no que aos mestres se refire, participaron 31 dos 68 que recibiron a enquisa, o que pensamos que serve para ter unha visión xeral do contexto.

A raíz dos resultados das enquisas e tendo en conta a participación indicada, pódese analizar o contexto do seguinte xeito:

-En canto á lectura:

-As familias reflicten que maioritariamente reciben información do centro en materia de lectura (invitacións a actividades, notas informativas, actividades da biblioteca escolar...) a través das canles de difusión do centro. A maioría das familias que responderon indican que acoden a algunha biblioteca co seu fillo, pero que non o soen facer a sesións de teatro infantil ou contacontos. Acostuman regalar libros, ademais de xoguetes, nalgunhas celebracións familiares.

-Os alumnos comentan que non se fai Hora de Ler todos os días e que, durante este tempo, normalmente faise lectura individual e en silencio do mesmo libro para todo o grupo. É normal, porque están incluídos neste tempos os libros do itinerario lector do centro. Consideran que dende o colexio se lles anima e se fomenta o gusto pola lectura.

-Os mestres que cubriron a enquisa son maioritariamente os que imparten materias de contido lingüístico e sinalan que se leva a cabo unha lectura tanto de xeito individual como compartido. As maiores dificultades que observan son a falta de concentración e a pouca fluidez lectora dos seus alumnos. A meirande parte dos textos que utilizan son literarios, o que podemos considerar lóxico xa que os itinerarios lectores están configurados para levar a cabo a Hora de Ler e isto fai que non vexan a necesidade de solicitar materiais á biblioteca escolar para que o alumnado lea neste tempo. Como estratexia de comprensión lectora lévase a cabo maiormente a elaboración de esquemas e mapas mentais.

-En canto á escritura:

-As familias reflicten que aos seus fillos gústalles escribir espontaneamente, sen que ninguén llo pida. Normalmente as materias nas que máis lles piden tarefas escritas soen ser as linguas: castelá, galega ou estranxeira e os traballos soen ser exercicios, resumos, esquemas...

-Os alumnos indican que non participan nas actividades relacionadas coa biblioteca escolar (animación á lectura, escritura de relatos, cómics...) xa que non lles gusta escribir este tipo de textos excepto que llos pidan como tarefa. As materias nas que teñen que escribir de forma creativa son as linguas (castelá, galega e estranxeira) e normalmente adoitan pedirlles que sexan traballos individuais. As tarefas de clase soen ser exercicios, resumos, esquemas...

-Os mestres comentan que propoñen actividades que desenvolvan a competencia escrita, maioritariamente textos informativos (novas, artigos de opinión, reportaxe, entrevista...). As tarefas de clase son fundamentalmente exercicios, resumos, esquemas...

-En canto ao acceso á información:

-As familias comentan que aos seus fillos lles propoñen tarefas de investigación na escola e que os mestres adoitan enviar ditas tarefas para facer na casa, dándolles

indicacións precisas de como desenvolvelas. Consideran que teñen competencia para podelos axudar se é o caso.

-Os alumnos indican que o profesorado lles da pautas para desenvolver as tarefas de investigación e, para podelas facer, non soen utilizar os libros da biblioteca. Reflicten que saben engadir imaxes a un documento e enviar correos electrónicos axuntando documentos.

-Os mestres sinalan que propoñen ao seu alumnado que realice tarefas de tratamento de información, que deseñaron con outros docentes e que lle ofrecen pautas aos seus alumnos para que sexan competentes neste tema. Non utilizan os recursos da biblioteca escolar como apoio para buscar e tratar a información, pero si impulsan o uso das TIC nos procesos de busca, tratamento e comunicación cando lle propoñen estas tarefas ao seu alumnado.

Para ter unha visión máis acorde coa situación do centro respecto á lectura, escritura e acceso á información é necesario que poñamos en valor todas as actividades que se están levando a cabo desde hai anos no chamado Plan Lector que xa tiñamos instaurado no noso colexio. Estas actividades quedan recollidas cada curso na memoria do centro e evidenciadas nas nosas redes sociais. Algunhas das actividades que levamos a cabo son as seguintes (evidenciadas no anexo 1):

-En Infantil ensínase a ler e escribir a través do xogo, a manipulación e a creatividade, fomentando unha aprendizaxe natural significativa e adaptada ao ritmo de cada neno. Todas as mañás utilízanse unhas tarxetas de aprendizaxe (bits) vinculadas coa letra presentada e o seu son. Isto permite ir lendo pequenas sílabas, palabras e frases segundo se vai avanzando na asimilación da lectura (ver imaxe 1).

-Tamén nesta etapa de Infantil lévase a cabo a actividade “De avós a netos”, na que os avós dos pequenos cóntanlles un conto fomentando así o gusto pola lectura e a importancia dos nosos maiores (ver imaxe 2).

-Lévase a cabo outra actividade chamada “Padriños de lectura” na que alumnos maiores axudan a alumnos máis pequenos coa lectura, lendo con eles un conto e facendo actividades sobre o mesmo (ver imaxe 3).

-Elabórase unha revista propia do centro en Lingua Galega chamada “Croa”. Desde hai uns corenta anos todo o alumnado do colexio participa na realización desta revista, que recolle artigos, contos, entrevistas, poemas, ilustracións, caligramas, pasatempos... utilizando a mesma temática do proxecto común de centro. Unha vez que xa está publicada, repárteselle un exemplar a cada familia (ver imaxe 4).

-Desde hai uns anos faise un resumo das actividades levadas a cabo durante o ano escolar de cada curso apoiándoas con distintas fotografías e un pequeno texto, destacando o máis significativo. Este libro é o noso anuario que todas as familias reciben (ver imaxe 5).

-Todo o noso alumnado ten a posibilidade de elaborar e participar no programa de radio en Lingua Galega “A fume de carozo” na emisora CUAC FM, que se emite todos os martes de 17 a 18 horas (ver imaxe 6).

-Alumnos de Primaria, ESO e Bacharelato participan no programa “Prensa-escola” da Voz de Galicia. Este programa permítenos traballar co xornal e utilizalo para fomentar a lectura, a escritura e o acceso á información (ver imaxe 7).

-Contamos cun itinerario lector nas distintas linguas que se traballan no centro (castelán, galego, inglés e francés) desde a etapa de Infantil ata Bacharelato, co que se pretende fomentar a lectura e aproximar aos rapaces a distintos tipos de textos que lles axuden a seleccionar lecturas diferentes ás que están afeitos a facer. Este itinerario lector é o que se emprega ata o día de hoxe para a Hora de Ler en cada curso (ver imaxe 8).

-O itinerario lector permite que os rapaces teñan contacto cos escritores dos libros de lectura que utilizan para explicarlles de primeira man a importancia da lectura e da escritura, e incluso favorecer a súa inquietude escritora (ver imaxe 9).

-Tamén, grazas ao itinerario lector contamos con momentos de animación á lectura dalgúns dos libros lidos. Esta actividade busca que os rapaces pasen a ter unha lectura activa creando un ambiente máis lúdico (ver imaxe 10).

-No noso colexio, durante o segundo trimestre, lévase a cabo un proxecto común para todas as etapas. Este proxecto introdúcese dentro de todas as materias e trabállanse os obxectivos de cada unha utilizando a temática do mesmo. Con isto pretendemos fomentar a investigación e a exposición oral e escrita por parte do alumnado, adecuadas á súa idade, conseguindo así novos coñecementos, resolución de problemas específicos e profundización da comprensión de aspectos determinados (ver imaxe 11).

-Ademais deste proxecto común, nas etapas de Infantil e Primaria lévanse a cabo dous proxectos máis, un no primeiro trimestre e outro no terceiro, que son elixidos polo equipo docente de cada etapa. A finalidade destes dous proxectos coincide coa explicada no punto anterior (ver imaxe 12).

-Desde a biblioteca favorécese o gusto pola lectura permitindo que os rapaces escollan un libro, axeitado á súa idade, que poden ler na aula nos seus momentos de lecer ou levar para a casa (ver imaxe 13)

-Desde a biblioteca promóvese, ademais da lectura, o fomento da escritura. En cada trimestre proponse unha actividade voluntaria para todo o alumnado na que teñen que converterse en escritores de diferentes tipos de textos: contos, microrrelatos, cómics, poesía... (ver imaxe 14).

-Desde a biblioteca tamén se propón a actividade “O noso primeiro gran libro” para a etapa de Infantil. Os pais dos alumnos escriben un pequeno texto, os alumnos o ilustran, entrégano na propia biblioteca e posteriormente recólleno, elaborado en forma de libro, para incorporar á súa biblioteca de aula (ver imaxe 15).

Consideramos que en todas as etapas educativas do noso centro traballamos con intensidade e de xeito unificado polo fomento da lectura, da escritura e do acceso á información e sentímonos moi orgullosos deste traballo común. Tamén consideramos que este novo plan PLEA ten que servirnos de guía, de agora en diante, para organizar do mellor xeito posible todo este traballo para procurar os maiores e mellores froitos posibles.

3.- OBXECTIVOS.

Atendendo ao que está establecido na orde RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (PLEA) nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. O PLEA é un documento de centro que integra todas as intervencións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso e no tratamento da información, e tamén á comunicación do coñecemento, como apoio á adquisición das competencias clave. Os obxectivos do PLEA están especificados no apartado segundo da resolución, que tamén desenvolve de xeito pormenorizado a concreción do plan. A súa concreción anual realizarase a través da PXA, onde se detallarán as accións previstas para cada curso escolar, vinculadas aos obxectivos establecidos.

3.1.- Obxectivos xerais.

1. Mellorar a competencia lectora de todo o alumnado e fomentar a lectura crítica.

2. Mellorar a produción de textos escritos en múltiples soportes.

3. Favorecer as alfabetizacións múltiples (a alfabetización visual, informacional e mediática) do alumnado e fomentar o uso crítico da información.

4. Implementar e reforzar nos centros educativos estratexias desde todas as áreas, materias e ámbitos do currículo que redunden na mellora da competencia lectora, escritora e informacional.

5. Sistematizar a práctica lectora diaria en todos os niveis das etapas de primaria e secundaria obrigatoria.

6. Consolidar as bibliotecas escolares como centros de recursos en diferentes soportes para a aprendizaxe e gozo da lectura, o desenvolvemento de habilidades na escrita e o acceso á información.

7. Acadar a implicación de toda a comunidade educativa para favorecer o hábito lector e o fomento da lectura así como o gusto pola escrita e o coidado da mesma.

8. Promover por parte dos centros educativos o uso das ferramentas de diagnose e avaliación da competencia lectora, escritora e informacional.

3.2. Obxectivos específicos:

3.2.1.- Obxectivos de lectura.

-Sistematizar a práctica diaria de lectura en todos os niveis do centro para consolidar o hábito lector.

-Implementar estratexias de comprensión lectora en todas as áreas do currículo para mellorar a capacidade do alumnado para realizar inferencias, interpretar e valorar criticamente os textos.

3.2.2.- Obxectivos de escritura.

-Consolidar a produción de textos escritos en múltiples soportes reforzando así outras áreas de desenvolvemento como a creatividade.

-Aplicar estratexias de planificación, redacción e revisión de textos, para mellorar a coherencia, cohexión e organización das producións escritas.

3.2.3.- Obxectivos de acceso á información.

-Integrar tarefas de investigación nas distintas áreas para desenvolver a competencia informacional e o pensamento crítico do alumnado.

-Desenvolver estratexias de busca, selección e análise crítica da información en diferentes soportes e formatos para mellorar a competencia informacional do alumnado.

-Aplicar técnicas de análise e contraste de fontes de información para garantir un uso crítico, responsable e autónomo dos contidos.

3.2.4.- Obxectivos transversais.

-Consolidar a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como centro de recursos na lectura, escritura e acceso á información para reforzar o seu papel dinamizador deste Plan.

-Establecer mecanismos de avaliación para impulsar a competencia lectora, escritora e informacional do alumnado e orientar a toma de decisións.

-Crear prácticas lectoras e escritoras coas familias para favorecer a continuidade dos hábitos lectoescritores no ámbito familiar.

3.3.- Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso de difusión.

O PLEA ten unha vixencia de catro cursos escolares. Co obxectivo de garantir a eficacia e a adecuación do PLEA ao contexto e ás necesidades do noso alumnado, establecerase un procedemento sistemático de seguimento e avaliación continua. Este permitirá identificar os logros acadados, detectar posibles dificultades e introducir as melloras necesarias e todo isto quedará reflectido na memoria.

ANEXO I:

ENQUISA PLEA MESTRES

Información general sobre respuestas

Cerrado

Respuestas	Puntuación media	Tiempo promedio
31	0	02:32


1. **Que tipo de actividade desenvolvo durante a Hora de Ler?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Lectura individual.	23
Lectura compartida.	24




2. **Que dificultades observo durante a Hora de Ler?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Pouca fluidez lectora.	16
Pouco interese.	11
Falta de concentración.	16



3. **Que materiais emprego para a Hora de Ler?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Lectura dixital.	17
Lectura de imaxe.	13
Lectura de prensa.	8
Lectura literaria.	25




4. **Solicito materiais á biblioteca escolar para que o meu alumnado lea?** (0 punto)

Si.	12
Non.	19




5. **Emprego estratexias de comprensión lectora?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Lectura de gráficas e imaxes.	16
Subliñado.	15
Elaboración de esquemas e mapas mentais.	18




6. **A materia que imparto:** (0 punto)

É de contido lingüístico.	23
Non é de contido lingüístico.	8




7. **Fago propostas ao meu alumnado que desenvolvan a súa competencia escrita?** (0 punto)

Si.	29
Non.	2




8. **Que tipo de textos propós para as prácticas escritas do teu alumnado?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Textos expositivos (biografías, textos científicos...).	15
Textos literarios (narrativa, poesía, teatro...).	19
Textos informativos (nova, artigo de opinión, reportaxe, entrevista...).	22




9. **Que tipo de actividades escritas propoño?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Traballos de clase (exercicios, resumos, esquemas...).	28
Escritura creativa (contos, redaccións, poesías, cómics...).	24
Traballos de investigación.	18




10. **Propoño ao meu alumnado a realización de tarefas de tratamento da información?** (0 punto)

Si.	24
Non	7




11. **Colaboro con outros docentes no deseño e proposta de tarefas e proxectos de tratamento da información?** (0 punto)

Si.	21
Non.	10




12. **Ofrezo pautas de traballo para que o meu alumnado aprenda a ser competente no uso e tratamento da infor mación?** (0 punto)

Si.	29
Non.	2




13. **Emprego os recursos da biblioteca escolar como apoio para a busca e tratamento da información?** (0 punto)

Si.	9
Non.	22



14. **Impulso o uso das TIC nos procesos de busca, tratamento e comunicación cando propoño tarefas de investiga ción ao meu alumnado?** (0 punto)

Si.	25
Non.	6



ENQUISA PLEA FAMILIAS


Información general sobre respuestas

Cerrado

Respuestas	Puntuación media	Tiempo promedio
59	0	06:20


1. **Recibo información do centro en materia de lectura (invitacións a actividades, notas informativas, programació n de actividades da biblioteca escolar...)?** (0 punto)

Si.	49
Non.	10




2. **Emprego as canles de difusión do centro para informarme sobre o relacionado en materia de lectura (web do c entro, instagram, facebook, blogs de departamentos...)?** (0 punto)

Si.	39
Non.	20




3. **Adoito acudir a algunha biblioteca co meu fillo/a?** (0 punto)

Si.	31
Non.	28




4. **Adoito acudir co meu fillo/a a sesións de teatro infantil ou contacontos?** (0 punto)

Si.	21
Non.	38




5. **Nas diversas celebracións (aniversarios, Nadal...) ademais de xoguetes, o meu fillo/a recibe libros como agasallo?** (0 punto)

Si.	55
Non.	4




7. **Cando escribe de maneira creativa?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Cando ten deberes.	31
Cando llo pido eu.	5
Escribe espontaneamente, sen que ninguén llo pida.	36




6. **Ao meu fillo/a gústalle escribir?** (0 punto)

Si.	34
Non.	25




8. **En que materia se lle solicitan especialmente tarefas escritas? (Pódense seleccionar varias opcións.)** (0 punto)

Nas Linguas: castelá, galega, estranxeira.	52
Nas Ciencias.	17
Nas Matemáticas.	12
Noutras.	17




9. **Que tipo de tarefas de escritura adoita facer na casa o meu fillo/a?** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Traballos de clase (exercicios, resumos, esquemas...).	47
Escritura creativa (contos, redaccións, poesías, cómics...).	27
Traballos de investigación.	14




10. **O meu fillo/a está escolarizado en:** (Podes seleccionar varias opcións se tes máis dun fillo/a no colexio.) (0 punto)

Educación Infantil.	12
Educación Primaria.	30
ESO.	26
Bacharelato.	0




11. **O meu fillo/a realiza tarefas de investigación na escola?** (0 punto)

Si.	50
Non.	9



12. **O profesorado envía tarefas de investigación para que o meu fillo/a desenvolva na casa?** (0 punto)

Si.	39
Non.	20




13. **O meu fillo/a ten indicacións precisas de como desenvolver as súas tarefas de investigación?** (0 punto)

Si.	34
Non.	25



14. **Cando o profesorado envía ao meu fillo/a tarefas de investigación para desenvolver na casa:** (0 punto)

Considero que teño competencia para axudalo, no caso necesario.	52
Considero que teño certas limitacións para poder axudalo, no caso necesario.	6



ENQUISA PLEA ALUMNOS


Información general sobre respuestas

Cerrado

Respuestas	Puntuación media	Tiempo promedio
354	0	04:18


1. **Na miña clase faise Hora de Ler todos os días?** (0 punto)

Si.	75
Non.	279




2. **Durante a Hora de Ler...** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

Leo individualmente e en silencio.	285
Facemos lecturas colectivas (o grupo le o mesmo libro).	115
Ademais de lectura facemos outras actividades.	56




3. **O que podo ler durante a Hora de Ler é...** (Pódense seleccionar varias opcións.) (0 punto)

O mesmo libro que todos.	283
Un libro escollido por min.	174
Artigos de prensa.	39
Libros dixitais.	40




4. **Consideras que desde o centro te animan a ler?** (0 punto)

Si.	260
Non.	94




5. **Participas en actividades relacionadas coa biblioteca escolar (animación á lectura, escritura de relatos, cómic s...)?** (0 punto)

Si.	113
Non.	241



6. **Gústache escribir (contos, noticias, microrrelatos, cómics...)?** (0 punto)

Si.	151
Non.	203




7. **Cando escribes de forma creativa?** (0 punto)

Cando teño deberes.	199
Cando me mandan os meus pais.	9
Cando me apetece, sen que ninguén mo mande.	146




8. **En que materias especialmente escribes de forma creativa?** (0 punto)

Nas Linguas: castelá, galega, estranxeira.	264
Nas Ciencias.	26
Nas Matemáticas.	15
Noutras.	49




9. **Os meus profesores mándanme escribir: (Pódense escoller varias opcións.)** (0 punto)

Traballos de clase (exercicios, resumos, esquemas...).	328
Escritura creativa (contos, redaccións, poesías, cómics...).	162
Traballos de investigación.	196




10. **Os meus profesores, a maioría das veces, mándanme escribir de forma creativa:** (0 punto)

Individualmente.	213
En parellas.	30
En grupos.	111




11. **Sei engadir imaxes a un documento?** (0 punto)

Si.	329
Non.	25




12. **Sei enviar un correo electrónico?** (0 punto)

- Si. 332
- Non. 22




13. **Sei axuntar un documento a un correo electrónico?** (0 punto)

- Si. 321
- Non. 33




14. **O profesorado dáme pautas para desenvolver a miña investigación?** (0 punto)

- Si. 285
- Non. 69



15. **Emprego os libros da biblioteca escolar como apoio para os meus traballos informativos?** (0 punto)

- Si. 82
- Non. 272



IMAXES ACTIVIDADES PLEA

Imaxe 1



Imaxe 2





Imaxe 3



Imaxe 4



Imaxe 5



Imaxe 6





Imaxe 7



Imaxe 8



Imaxe 9



Imaxe 10



Imaxe 11





Imaxe 12





Imaxe 13





Imaxe 14





Imaxe 15

